



BASES DE PARTICIPACIÓN

NOITES DE CAMPAMENTO ALFOZ 2025

1. As actividades están orientadas a mozas e mozos nadas/os entre o ano 2007 e o 2012. As/os participantes nadas/os no ano 2007 non poderán ter cumpridos os 18 anos antes da finalización do campamento.
2. A duración será desde as 16:30h do día 26 de agosto ata as 19:00h do 28 de agosto (26-27-28 de agosto). As/os participantes virán por conta propia ata o lugar de realización CEIP Castro de Ouro para a entrada o primeiro día, así como para a saída o día da finalización da actividade.
3. A actividade inclúe os correspondentes almorzos, xantares, merendas e ceas entre os días 26 e 28 de agosto.
4. Utilizaranse as instalacións do Pavillón Municipal de Alfoz para o aseo e para algunhas das actividades de lecer.
5. O lugar de realización será a zona axardinada do CEIP Castro de Ouro de Alfoz.
6. As distintas actividades realizaranse no exterior tanto no espazo do CEIP coma noutros como a Piscina Municipal, o entorno do Castelo de Castrodouro, etc.
7. As actividades contarán cos seguros pertinentes.
8. A inscrición deberá incluír os datos do/a pai/nai ou titor/a legal do/a menor, que será quen asine a solicitude de praza.
9. Nas follas de inscrición hai un apartado específico para deixar constancia de patoloxías coñecidas, alerxias, intolerancias, etc. É moi importante que se cubra este apartado de ser necesario. De necesitar tomar algún tipo de medicación deberase xustificar cun informe médico e entregarse unha vez confirmada a praza (ver pto.15). En caso de non tomar algún tipo de alimento por motivos relixiosos e/ou culturais tamén deben deixar constancia no apartado de OBSERVACIÓNS da folla de solicitude, para poder telo en conta.
10. É necesario que os/as participantes saiban nadar, do cal se deixará constancia na folla de inscrición.
11. A información sobre Protección de datos así como a autorización para poder sacar fotos, vídeos, etc. é a que figura na ficha de inscrición.
12. Ao asinar a inscrición, a persoa representante declara afirmar, coñecer e asumir as condicións de participación establecidas nestas bases e a veracidade dos datos aportados.
13. As/os participantes estarán sempre acompañados/as do persoal cualificado da empresa encargada de xestionar o programa e prohibese de forma expresa a saída da/o participante sen acompañamento do/a monitor/a.
14. As/os participantes comprométese a cumprir as normas establecidas nestas bases e asumen que no caso de non facelo e xerar algún tipo de problema no desenvolvemento das actividades avisarase ao/á representante legal, titor ou titora podendo chegar á expulsión do campamento.





15. É obrigatorio que cada participante entregue, unha vez confirmada a dispoñibilidade e posterior aceptación da praza, a seguinte documentación:
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou outra entidade aseguradora e fotocopia do DNI/NIE.
No caso de que precise tomar algunha medicación deben traer un informe médico para xustificalo así como a medicación necesaria para os días da actividade.
16. Teléfono móbil. Entregarase apagado ao/á monitor/a encargado/a do grupo, quen o entregará ao/á rapaz/a participante no horario establecido para chamadas, que se determinará en función do horario determinado polos/as monitores/as.
17. No caso de ter que contactar por algún motivo, os/as pais/nais ou titores legais dos/as participantes contarán cos teléfonos de contacto dos/as monitores/as encargados/as para chamar fóra dos horarios establecidos de uso de móbil dos/as participantes.
18. Non se poden traer videoconsolas, mp3, tablets, aparellos eléctricos e/ou obxectos de valor.
19. Diñeiro: todos os gastos básicos e das actividades están cubertos durante os días do campamento, non sendo necesario que traian cartos. En caso de que traian diñeiro en efectivo, a cantidade non debe superar os 20 € e faranse responsables da súa xestión e custodia.
20. Cada participante deberá traer:
1 ou 2 pares de zapatillas de deporte
1 par de chancas
Roupa interior para cada día
1 par de calcetíns para cada día
1 sudadeira/xersei de abrigo
1 impermeable
Gorra para o sol
Camisetas, pantalóns,...
Bañador, 1 toalla e gorro (piscina) e 1 toalla de ducha
Pixama ou similar
Mochila pequena para excursións
Saco de durmir e esterilla
Lanterna e cantimplora ou botella para auga
Bolsa de lixo para a roupa sucia
Útiles de aseo persoal: xampú, xel, cepillo e pasta de dentes, peite, protector solar e repelente de mosquitos se o consideran necesario.
21. Calquera cuestión, suxestión e/ou dúbida do programa pódese comunicarse na Área de Xuventude (Casa do Concello, tfno. 982558001).
22. O servizo é gratuíto para os/as participantes. O coste da praza dos/as participantes empadronados/as en Alfoz será asumido polo Concello de Alfoz, tal e como se recolle no convenio de cooperación asinado entre o Concello de Alfoz e o Concello de O Valadouro.

PROCESO DE INSCRICIÓN.

- Para o verán 2025 hai un total de 30 prazas dispoñibles: 15 prazas para o Concello de Alfoz e 15 prazas para o Concello de O Valadouro. Se un dos concellos esgotou o cupo de prazas e o outro ten prazas dispoñibles, éste poderá cederlle as que precise ata que se cubraa totalidade de prazas.
- Para poder levar a cabo a actividade é preciso contar cun mínimode 10-12 participantes.





- O período de inscrición será entre o 11 e o 18 de agosto.
- As solicitudes de inscrición entregaranse presencialmente na Oficina de Rexistro do Concello de Alfoz ou na súa Sede Electrónica, quedando constancia da data e hora da mesma e da cal se entregará copia.

Temos que ter en conta 2 posibles escenarios:

1º.- **Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas** (15), admitiranse todas as solicitudes segundo a orde de inscrición e non haberá listas de agarda.

2º.- **Se hai máis solicitudes que prazas** establécese un baremo de puntuación para a selección dos participantes do xeito máis equitativo posible.

Reservarase o 10% das prazas para rapaces e rapazas en situación de vulnerabilidade, beneficiarios/as de programas sociais e familias vítimas de violencia de xénero.

Para o resto establécese a seguinte puntuación:

10 PUNTOS.....Empadroados/as en Alfoz.

5 PUNTOS.....Se ten algún irmán ou irmá que tamén participe no programa (puntuación total, non por cada irmá ou irmán).

Na folla de inscrición deberase sinalar a casíña correspondente de cumprir estes requisitos para poder valoralos, comprometéndose a achegar a documentación acreditativa dos mesmos se se lle solicita (só no caso de que haxa máis solicitudes que prazas dispoñibles). Ao asinar a inscrición está aceptando as condicións establecidas nestas bases e responsabilizándose da veracidade dos datos que aporta.

Unha vez sumados os puntos de cada solicitante segundo este baremo establecerase a orde de acceso ás actividades. No caso de empate en puntos aplicarase a orde de entrega da inscrición, ao igual que de non ter puntos.

No caso de haber lista de agarda esta publicarase (respectando a LPD) na web municipal e taboleiro de anuncios (Sede Electrónica e físico na Casa do Concello) antes do comezo da actividade. No caso de non haber lista de agarda publicarase na páxina web municipal e na sede electrónica a admisión de tódalas solicitudes.

Hai que lembrar que a orde de solicitude tamén é importante, xa que se hai lista de agarda e algún dos/as solicitantes con praza renuncia a participar no campamento, comunicáraselle ao/a primeiro/a menor que figure na lista de agarda e sucesivos/as ata cubrir dita praza ou prazas. Se un/unha participante inscrito/a e admitido/a decide non asistir á actividade, deberá cubrir unha instancia a efectos de formalizar a súa renuncia.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Os datos persoais recollidos na presente inscrición forman parte dun ficheiro de protección de datos cuxa finalidade é a xestión do mencionado programa. Poderanse exercer os dereitos de acceso, cancelación e rectificación dirixíndose ó Excmo. Concello de Alfoz, A Seara S/N, 27776 Alfoz (Lugo). Todo o cal estará recollido na ficha de inscrición da actividade.

Daráselle publicidade a estas bases a través da Sede Electrónica do Concello de Alfoz e da páxina web municipal.

E para que así conste, asínaas en Alfoz o Concelleiro de Educación, Igualdade e Participación do Concello de Alfoz, D. Eliseo Lorenzo García na data que figura á marxe.

